

# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DO 2015

### Señoras e señores asistentes

#### Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

#### Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### Concelleiros ausentes:

Don Cesáreo González Pardal

#### Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

En Padrón, sendo as trece horas e trinta minutos do día nove de decembro do dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total once dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **1.- INFORME, POLO ALCALDE, DAS XESTIÓNS REALIZADAS PARA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA CITADA ESTRADA.**

Sr. Alcalde. Explica que o 18 de setembro do 2012 rexístrase de saída a solicitude deste Concello á Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de retomar o expediente de cambio de titularidade a favor do Concello de Padrón da actual estrada autonómica AC-299 Padrón-Noia, desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 2+160, coincidindo este último co límite

do término municipal, xa que no 2002 o Servizo de Estradas da Concellería recomendaba o cambio de titularidade dadas as características urbanas da vía e tendo en conta a construción da variante de Padrón que comunica a N-550 coa AC-301. Que o 9 de outubro do 2012 ten entrada no rexistro municipal informe favorable da área de planificación e programación dependente da Axencia Galega de Infraestruturas ao cambio solicitado e se require a este Concello comunique o seu criterio. Que por Resolución da Alcaldía número 799/2013, do 4 de decembro, asúmese o compromiso de aceptar o cambio de titularidade da estrada, sen prexuízo do seu sometemento ao pleno da corporación no suposto de que, segundo o informe técnico, o valor do inmovible supere o 10% dos recursos ordinarios. Que a certificación desta resolución se remite á Axencia Galega de Infraestruturas e na mesma data solicítase informe a Estudio Técnico Gallego, SA, sobre a valoración do treito da estrada afectada polo cambio de titularidade. Que o 25 de febreiro do 2013 publícase no DOG o Decreto de 14 de febreiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se aproba o cambio de titularidade a favor deste Concello, e o 28 teñen entrada no rexistro municipal tres exemplares da acta de entrega do vial para a súa sinatura. Que en febreiro de 2013 Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, emite informe de valoración patrimonial da estrada no treito que transcorre neste término municipal e conclúe que o seu valor ascende a 412.512 €. Que visto o estado da estrada, o Concello encarga unha valoración das actuacións que serían necesarias levar a cabo para que a estrada se entregue en condicións óptimas, que é presentada no rexistro municipal por Estudio Técnico Gallego o 5 de febreiro de 2015, e as valora en 241.416,66 €. Que o 10 de febreiro deste ano remítase un exemplar da memoria á Axencia Galega de Infraestruturas e o 11 de agosto recíbese o primeiro borrador do texto do convenio de colaboración coa Axencia, en virtude do cal se achegaríase ao Concello un total de 241.416,66 € para a financiación das obras de acondicionamento da estrada e o Concello comprométese a formalizar a acta de entrega da mesma. Que por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2015 acéptase, a prol do Concello de Padrón, o cambio de titularidade, coincidindo co límite do término municipal e se acorda asinar a correspondente acta. Que este é o informe do primeiro punto.

Sr. Rodríguez Carbia. Manifesta que o seu grupo asinou a convocatoria deste pleno porque descoñecía todo o relativo ao expediente, porque non foron informados en ningún momento por parte do goberno municipal. Entende que o señor alcalde se esqueceu dun compromiso adoptado no pleno, que era o de devolver as competencias que ostenta a alcaldía e que son competencias do pleno.

Sr. Alcalde. Pregunta cando se acadou.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que houbo unha moción.

Sr. Alcalde. Dille que non recorda que se aprobara esa moción.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que senón a hai, procurará que a haxa o antes posible para evitar esta falla de información. Entende que esta é unha competencia de pleno como consta no expediente porque a cantidade supera o 10% do orzamento. Que o primeiro que fixo foi adoptar unha resolución ou varias e despois sometela á Xunta de Goberno Local, pero non pasou nin por comisión informativa nin por pleno. Que é polo que entende que esas competencias do pleno teñen que devolverse ao pleno, pero non cando estea todo feito.

Sr. Alcalde. Contesta que non é competencia do pleno porque é menos do 10%.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é competencia do pleno desde o punto de vista de que o pleno ten que aprobalo definitivamente e si o pleno decide non aprobalo todo o que o señor alcalde fixo por resolucións e aprobacións en Xunta de Goberno Local, non ten ningunha validez.

Sr. Alcalde. Dille que non é así.

Sr. Rodríguez Carbia. Insiste que, como consta no expediente, sobrepasa o 10% e ten que vir a aprobarse ao pleno.

Sr. Alcalde. Dille que non é así e xa deu coñecemento dos decretos.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que deu conta a través dunha resolución e as resolucións nada máis que é dar



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

coñecemento, pero non que o pleno teña de decidir, si é conveniente ou non, e por iso a convocatoria deste pleno porque según tamén consta no expediente, ese acordo ou esa acta ten que protocolizarse e asinarse antes da finalización deste ano, para empezar as obras a partir do 2016. Segue sen entender cales foron as razóns que levaron a solicitar o cambio de titularidade e que esta estrada, que actualmente é da Xunta de Galicia, pase a engrosar os bens do Concello, porque non entende que beneficios vai a ter o Concello a cambio de recibir isto. Observa que no ano 2002, cando nun principio a Consellería solicitou ao Concello que aceptara a estrada, non se aceptou porque o alcalde nese momento deu a calada por resposta e non acaba de entencer porque naquel momento, no ano 2002, había unha xustificación dende o punto de vista urbanístico, que non era outro que a urbanización da Trabanca, que hoxe en día está derrubada e no expediente se citaba precisamente, o plan parcial R-1 A Pedreira, como un dos motivos polos que se pedía a cesión. Que nestes momentos ese motivo desapareceu.

Sr. Alcalde. Dille que llo explica pero é o seguinte punto da orde do día.

Sr. Santaló Ríos. Repróchalle ao señor alcalde que as xestións que fixo foron de espaldas ao pleno e lle parece que é unha actuación suficientemente importante para que sexa o pleno, independentemente que logo as taxacións que se fagan digan si é ou non competencia do pleno, taxación coa que non está de acordo porque lle parece, aínda que non é enxeñeiro, que a contía está fixada moi por abaixo. Que o señor alcalde se merece este primeiro reproche porque se puxo a facer unhas xestións que poderían carrexar unhas consecuencias para o Concello extremadamente graves. Que habería que facer un estudo antes de iniciar esta tramitación e establecer cales eran os motivos e a xustificación e as vantaxes que podería ter. Que arrancaron mal e empezaron do revés. Que o tema non é novo senón que xa veu a pleno noutra ocasión, que se enteraron polo BOE e as resolucións da Consellería onde se dicía que ían facer con este tramo de estrada e 50 metros máis dende o límite de Padrón ata a rotonda que pertence ao Concello de Rois. Que trataron este asunto no pleno e xa manifestou que, a priori, non lle parecía conveniente e se ía posicionar en contra por todos os custos que suporía para os padroneses.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que continuará na mesma liña dos seus compañeiros concelleiros e cita un proverbio que di "eres esclavo das túas palabras e dono dos teus silencios". Que di isto porque o señor Alcalde na Voz de Galicia do 14 de xuño do 2015, despois da súa investidura, dixo que a súa intención é gobernar con consenso tendo en conta a todos os grupos políticos e estase comprobando que non é así. Considera que primeiro está facendo as cousas polo seu lado e despois transmite ao resto das formacións o que lle convén. Que é legal pero consideran que non é ético porque está en minoría. Que hai un compromiso, polo que se ve na acta, de 241.416,66 € de financiación de obras por parte da Xunta, tendo un valor patrimonial a estrada de 412.000 €. Insiste que o señor alcalde está facendo o que lle convén e non o que lle convén ao resto das formacións en beneficio dos veciños, e por iso que van plantexar a modificación do Regulamento Orgánico Municipal para devolver as competencias ao pleno que ten a Xunta de Goberno Local, porque non está cumprindo con esas palabras de que ía ser todo por consenso.

Sr. Alcalde. Dille que non é certo, que se lle deu conta dos decretos nos plenos ordinarios, a calquera grupo que pediu copia dos expedientes, tiña copia deles e era coñecido que se estaba tramitando este cambio de titularidade. Que pode solicitar as competencias que queira, pero as competencias son as que son e as que están establecidas.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta que, se tiñan información, por que este pleno e si a oposición pide este pleno será porque non ten información.

Sr. Alcalde. Contesta de que polo que piden este pleno, saberano eles.

Sr. Rodríguez Conde. Di que este pleno non sería necesario convocalo se houbera unha xunta de voceiros e se lle aforrarián uns cartos aos veciños de Padrón.

Sr. Alcalde. Dille que pode renunciar a eles. Que non é unha cuestión de cartos, que houbo outros grupos políticos que solicitaron que se lle explicara o tema e se reuniu con eles. Que poden estar de acordo ou non, pero o que quixo tivo toda a información, como por exemplo, o grupo de Veciños de Padrón. Que de feito houbo

un conflito porque se presentou unha solicitude de pleno extraordinario en representación de Veciños de Padrón cando non o solicitara. Que houbo que mandar un escrito para que se acreditase esa representación de Veciños de Padrón. Que o señor Rodríguez Conde tamén puido vir e tamén lle explicaría o que está explicando hoxe aquí. Que outra cousa e que o convencera, que lle guste ou non lle guste, pero lle explicaría o mesmo que lle explicou ao outro grupo.

Sr. Rodríguez Conde. Di que non é cuestión de partido senón a toda a oposición xunta, porque é unha cousa moi importante para Padrón, como a de ter a competencia dunha estrada.

Sr. Alcalde. Insiste que nalgún momento puido vir ao Concello e lle explicaría todo.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta por que non convocou unha xunta de voceiros e non habería este pleno.

Sr. Alcalde. Contesta que se poden reunir cando queiran, pero o que tivo interese solicitou copia ou solicitou unha reunión e se lle explicou. Que non sabe se o señor Rodríguez Conde levou copias, se tivo interese, se solicitou reunión. Que cree que non, e pregúntalle se levou copias do expediente con anterioridade ao pleno.

Sr. Rodríguez Conde. Contesta que as pediu por escrito e non se lle deron. Que lle enseñará a copia da solicitude pedindo información sobre isto.

Sr. Alcalde. Dille que o dubida e o comprobará.

Sra. Rey Pazos. Aclara que é verdade que o seu partido solicitou unha reunión co alcalde e se informou ao resto da oposición, pero que a solicitou despois de ler na prensa noticias tanto do goberno coma da oposición e entendía que ante unha cuestión deste calibre deberían estar informados. Que a solicitude do pleno foi un erro que se cometeu, aínda que non é o primeiro, entende que é un erro. Que é certo que na reunión se lle informou deste tema, pero entende que é un tema que ten suficiente importancia como para comentalo. Que a decisión legal é do goberno, pero houbo un erro do goberno por non comunicarlles antes as súas pretensións.

Sr. Alcalde. Comenta que no segundo punto da orde do día explica todas as vantaxes que considera este goberno de asumir a titularidade e ao mellor están de acordo ou non.


Sr. Forján Seoane. Aclara que, a raíz do dito por Veciños de que pode ser un erro, cree que non é tanto erro, senón que se magnificou ese posible erro, que no encabezado di que os abaixo asinantes concelleiros membros da Corporación do Concello de Padrón, en representación dos grupos abaixo asinantes, e asinan Alberto Piñeiro en representación do grupo municipal socialista, Santaló Ríos en representación do BNG, Francisco Javier Guillán en representación do PG e Cesáreo González en representación de AXP, pero son os que asinan. Que puido haber un erro no encabezamento, pero os que convocan o pleno son os que asinan.

Sra. Rey Pazos. Explica que eles foron os primeiros en dicir que fora un erro, pero entende que cando este erro ten repercusión pública porque saiu na prensa que eles solicitaran un pleno cando non foi así, cree que hai que aclaralo e xa está.

Sr. Forján Seoane. Dille ao señor alcalde que acaba de explicar as xestións que fixo pero o único que fixo foi ler a proposta á Xunta de Goberno Local. Que eles tamén están pola labor de retirar as competencias do pleno que ten delegadas na Xunta de Goberno Local. Que realmente este procedemento se inicia no ano 2002, coincidindo coa tramitación do expediente da Pedreira, onde se construiu e houbo que derrubar o edificio de Mahía. Que o 2 de maio entra no Concello un escrito da Dirección Xeral de Obras Públicas onde se di a conveniencia de que a estrada pase a titularidade municipal polo que sería necesario iniciar o expediente de cambio de titularidade. Que se está falando do 22 de abril de 2002 e a partir de aí xa se sabe o que pasou, o edificio xa non existe.

Sr. Alcalde. Di que tivo insistencia bastante en que ese edificio fora derrubado porque era ilegal. Que non tivo nada que ver na construción dese edificio senón máis ben tivo que ver no derrubo.

Sr. Forján Seoane. Di que o dubida. Dille que ese expediente da Pedreira Sector R-1 veu a pleno para a súa



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

aprobación e o señor alcalde daquela, tamén do PP, tivo que retiralo porque nen sequera estaba visado. Que ese edificio naceu moi mal e se construiu sen as licenzas que necesitaba e rematou co seu derrubado, gracias ás denuncias que fixeron eles, a CIPa e o BNG. Dille ao señor alcalde que non se colgue medallas que non lle corresponden.

Sr. Alcalde. Puntualiza que o edificio foi derrubado pola APLU.

Sr. Forján Seoane. Contesta que si, pero grazas ás denuncias que fixeron eses grupos, e que a APLU asumiu esas competencias porque o Concello foi inoperativo porque mandou ordes de paralización que nunca se cumpriron ata que interviron outros organismos. Volve repetir que as explicacións son as da Xunta de Goberno Local e hai unha resolución da alcaldía donde acepta a expensas do seu sometemento ao pleno.

Sr. Alcalde. Aclara que para o suposto de que, segundo o informe técnico ao respecto, o valor do inmovible supere o 10% dos recursos ordinarios.

Sr. Forján Seoane. Contéstalle que di iso porque naquel momento non tiña idea da valoración. Que está facendo unha aceptación sen saber o que está asinando porque a valoración é de febreiro de 2013 e a memoria valorada das actuacións é de febreiro de 2015.

Sr. Alcalde. Dille que está asinando simplemente sen saber se o órgano competente sería a alcaldía, Xunta de Goberno Local ou Pleno e o que se di e que se someterá a pleno se é o órgano competente.

Sr. Forján Seoane. Insiste que non sabía a valoración. Que estaba actuando simplemente por criterios políticos, non por intereses municipais.

Sr. Alcalde. Di que están actuando por intereses municipais. Que hai un segundo punto para explicar, pero se queren xa o explica agora.

Sr. Rodríguez Conde. Recórdalle ao señor alcalde que houbo xente que asinou a solicitude de pleno e hoxe non está porque hai xente que traballa. Que eles pediron a convocatoria deste pleno pero despois o señor alcalde é quen convoca. Que é algo raro que entregaran a subsanación o día 4 de decembro e xa se convoque para o 9 de decembro e tamén soa raro que cando tiñan pedido un pleno extraordinario sobre a piscina, esgotou ao máximo o prazo. Que hai xente que nesta ponte tivo que traballar ou que ausentarse.

Sr. Alcalde. Explica que se solicitou o pleno o 20 de novembro e se está celebrando o día 9 de decembro. Que o 4 de decembro non empezan a contar os 15 días outra vez, que se mandou un requerimento para saber quen asina a solicitude e cantos partidos son. Que aí se fai unha interrupción do prazo de quince días, pero non empezan a contar outra vez desde aí. Que se quere defender ao concelleiro que non está, que o defenda.

Sr. Rodríguez Conde. Aclara que o fai porque o señor alcalde deixou caer que algún concelleiro que asinou non está hoxe aquí.

Sr. Alcalde. Insiste que dixo que hai un concelleiro que asinou a convocatoria do pleno extraordinario e non está hoxe aquí. Cree que é un dato obxectivo.

Sr. Forján Seoane. Dille que tamén é un dato obxectivo que o señor alcalde esgotou o prazo máximo para convocar.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se o concelleiro non puido asistir polas razóns que sexan, entra dentro da lóxica, porque pode asinar un pleno se está de acordo co que se pide que non é outra cousa que información e de pouco vale que o señor alcalde dixera que se explicou todo e que se deu copia de todo. Que lle parece correcto, pero que non están pedindo iso, senón que o señor alcalde tomou unha decisión que é importante para Padrón e para os veciños e que antes de tomala debeu ter negociado ou alomenos falar deste tema co resto dos grupos políticos. Que o talante, as boas formas e o consenso o rachou o señor alcalde neste pleno. Que iso é o que lle están achacando.

Sr. Alcalde. Di que senón pode tomar decisións en ámbitos de competencia como alcalde, apague e vamos.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se trata de que cando hai un tema importante non vale só con explicar e entregar copias senón que hai que consensualo. Que hai uns órganos complementarios como unha comisión de coordinación ou unha xunta de voceiros e que aí era onde tiñan que ter falado isto e intentar consensualo. Que agora, o que vai dicir o señor alcalde no segundo punto, llo vai rebatir punto por punto. Que o señor alcalde tomou unha decisión politicamente incorrecta.

Sra. Rey Pazos. Pide unha aclaración porque o seu grupo está de acordo en que as competencias do pleno volvan ao pleno, pero ten entendido que aínda que volvesen estas competencias a pleno, neste caso non variaría nada.

Sr. Alcalde. Pídelle á señora secretaria que o aclare.

Sra. Secretaria. Contesta que non variaría nada porque non supera o 10% dos recursos ordinarios e iso é competencia do alcalde.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta quen fixo a valoración porque ao mellor pódese traer outro técnico que asine outra cantidade que supere ese 10%.

Sr. Alcalde. Contesta que a valoración a fixo un enxeñeiro, pero aínda que a valoración non superara o 20%, a día de hoxe seguiría sendo competencia do pleno, só que tería que ir a comisión para ditaminar favorable ou desfavorablemente por parte dos membros que estiveran na comisión e aínda que se ditaminara desfavorablemente non sería vinculante.

## **2.- INFORME, POLO ALCALDE, DOS BENEFICIOS QUE O CAMBIO DE TITULARIDADE TERÁ PARA OS VECIÑOS E CONCELLO DE PADRÓN, SEGUNDO O SEU CRITERIO.**

Sr. Alcalde. Explica que, segundo o criterio do goberno, os efectos do cambio de titularidade da AC-299 pasando á titularidade do Concello de Padrón son os seguintes:

En primeiro lugar, as distancias e zonas de protección da estrada, que implican limitacións ao dereito de propiedade dos particulares, se reducen, e as autorizacións sectoriais necesarias eliminanse.

Que con anterioridade ao traspaso da titularidade, calquera intervención na franxa de dominio público, protección e zona límite de edificación da estrada precisaba, dende a entrada en vigor da Lei 8/2013, de 28 de xuño, autorización da Axencia Galega de Infraestruturas no caso da franxa de dominio público (10 metros dende a arista da explanación), en todo caso para obras afectas ao servizo da carretera, non para obras particulares. Que antes tamén era necesario informe previo e vencellante do mesmo órgano no caso da zona de protección, que se compón da zona de servidume (2 metros dende o final da zona de dominio público); a zona de afección (30 metros dende o final da zona de servidume) e a zona límite de edificación. (15 metros dende a liña de delimitación da estrada). Nestes casos, especialmente na zona de servidume (12 metros dende o eixo da explanación se contamos coa zona de dominio público), as obras autorizables serían: usos autorizables de cultivos agrícolas, plantación e tala de arbolado, peches completamente diáfanos sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica que por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola o gandeiro terán que ser debidamente acreditadas, novementos de terras e explanacións, excepcionalmente viais, aparcamentos, illetas e zonas axardinadas de uso público e en ningún caso se autorizarían obras, instalacións ou calesqueira outras actividades na zona de servidume que perxudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa axeitada explotación. Que estas serían as únicas que se poderían realizar en dominio público.

Polo tanto, en primeiro lugar, dende a arista da explanación da estrada ata os 12 metros medidos en paralelo, as obras a executar serían en todo caso obras ao servizo da estrada ou peches totalmente diáfanos sen cimentación, e estas obras terían que contar con autorización da Axencia Galega de Infraestruturas ou ben con informe previo deste órgano. Que motivado por este cambio de titularidade, estas autorizacións e informes previos non se teñen que tramitar, o que redundará nunha maior celeridade na tramitación das licenzas, xa que na actualidade, con anterioridade á tramitación da licenza municipal de



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

obras ou ben á presentación da comunicación previa de obras, se tiña que contar coa devandita autorización ou informe previo, o que redunda nunha dobre tramitación dos permisos, un perante a Axencia e outro diante do Concello. Que coa titularidade municipal da estrada, estas zonas de protección da estrada desaparecen, pasando a rexirse polas distancias establecidas polo plan para cada tipo de solo ou vía. En concreto, a zona de dominio público establecida polo plan é de tan só 2 metros establecidos dende a arista da explanación, fronte aos 10 metros establecidos pola Lei de estradas. É dicir, a zona reservada a obras ao servizo da estrada pasa de 10 metros de ancho a 2. Que por outra banda, a posibilidade de realizar por exemplo un peche non diáfano ou composto con cimentación establécese polo plan a partires da zona de dominio público e na liña de peche do planeamento, que será a maior das seguintes distancias: 6 metros dende a arista da explanación ou 15,50 dende o eixo, cando antes non existía a posibilidade de tal tipo de construción ata os 15 metros dende a arista da explanación.

Que en segundo lugar, a estrada pasa a rexirse polas aliñacións oficiais do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e no caso de non se establecer aliñacións oficiais, as distancias establecidas pola normativa do Plan Xeral para cada tipo de estrada.

Que estas aliñacións e distancias, ademáis de ser máis concretas xa que responden á cartografía do Plan xeral de ordenación municipal actual, e cando se aprobe o novo planeamento, polas aliñacións establecidas por éste, son máis permisivas ao establecerse con carácter xeral dende o eixo da estrada e non dende a arista da explanación. O mesmo pasa coas liñas de peche, que agora pasan a ser referenciadas ás establecidas polo plan e polo tanto tómanse dende o eixo da estrada ou dende a arista da explanación, en función de se se trata dunha liña límite de edificación ou liña de peche. Que o planeamento vixente establece unha liña límite de edificación de 15,50 metros medidos dende o eixo da vía, fronte aos 15 metros dende a arista da explanación establecidos pola Lei de estradas. Así mesmo, o planeamento establece unha liña de peche que toma coma referencia a maior das seguintes distancias, é dicir: 6 metros dende a arista exterior da explanación ou 15,50 metros medidos dende o eixo da estrada.

Deste xeito, dunhas zonas de protección da estrada que chegan a abarcar ata 30 metros medidos dende a arista da explanación da estrada (contando tódalas zonas: dominio público, servidume e afección) coa titularidade autonómica da estrada, pásase a unhas zonas límite de edificación que en ningún caso superarán os 15,50 metros medidos dende o eixo da estrada.

## CADRO RESUMO DE DISTANCIAS

	TITULARIDADE AUTONÓMICA	TITULARIDADE DO CONCELLO
DOMINIO PÚBLICO:	10 metros dende a arista	2 metros dende a arista.
SERVIDUME	2 metros dende o final da zona de dominio público (total 12 metros dende a arista)	4 metros dende o eixo da explanación .
ZONA DE AFECCIÓN	30 metros dende a arista da explanación.	Non se establece.
LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN.	15 metros dende a arista da explanación.	15,50 metros dende o eixo da vía.
LIÑA DE PECHE	Non se establece (diáfano sen cimentación a partir de 10 metros, se é opaco ou composto a 15 dende a arista)	A maior das seguintes distancias: 6 metros dende o a arista da explanación ou 15,50 metros dende o eixo da vía.

Que en terceiro lugar, as aliñacións e distancias non só se reducen nos marxes da propia estrada obxecto da tranferencia, senón que o cambio de titularidade tamén ten influencia nos viais que entroncan coa devandita estrada. Así, os viais que entroncan coa estrada pasan de ser considerados coma camiños rurais de primeira orde, na que os peches de fincas deben situarse a 6 metros do eixo do camiño e 8 metros dende o eixo no caso doutras construcións, a seren considerados coma camiños rurais de segunda orde (no caso de ter menos de seis metros de ancho) nos que os peches se sitúan alomenos a 4 metros do eixo do camiño e 6 metros para as restantes construcións.

Que en cuarto lugar, nos tramos urbanos da estrada, as aliñacións oficiais serán as establecidas polo Plan

Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, que fixará deste xeito a superficie obxecto de cesión ao Concello en cada caso tendo en conta as súas propias aliñacións e non as xenéricas establecidas pola Axencia Galega de Infraestruturas, que son maiores. Nas modificacións do Plan vixente ou ben no novo Plan en tramitación as aliñacións definidas quedan a criterio do equipo redactor do novo Plan e non sometidas a autorización pola Axencia. Así mesmo estas obras nos tramos urbanos, que antes tiñan que contar con informe previo da Axencia, agora só se someten á licenza municipal ou comunicación previa de obras.

Que consecuentemente, toda licenza outorgada quedaría sometida ás obrigas de cesión obligatoria da superficie adicada a viais fóra das aliñacións, e esta obriga deviría en beneficio do Concello, que sería a quen se lle cedería a citada superficie.

Que en quinto e último lugar, a competencia para establecer sinalizacións viarias, pasos de cebra, e todo elemento da estrada pasa a ser do Concello, con facultade para suspender obras ou servizos que afecten á estrada ou reclamar indemnizacións por danos ocasionados por particulares na estrada.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que a lectura dese informe non lle aclarou nada. Que está motivando ese cambio de titularidade da estrada en redución de autorizacións sectoriais e dunha serie de obras, coma poden ser peches e construcións. Que esa non é razón suficiente para solicitar que a estrada pase a ser ben municipal. Que están falando dun entramado urbano e isto que acaba de dicir non ten validez dende a ponte do Carne ata a Pedreira, porque está construído a ambos lados da estrada e xa non lle afectarían os informes sectoriais excepto en reparacións que se poidan facer nas vivendas, pero no que se basea o señor alcalde, na distancia de retirada, non lle afecta en absoluto.

Sr. Alcalde. Dille que para todo se ten que pedir informes, na Pedreira, na rúa do Carmen e avenida de Santiago.

Sr. Rodríguez Carbia. Insiste que xa está construído e cando se vaia reformar non se vai retirar para atrás, porque estase a falar dunha zona que está afectada por Patrimonio e é unha zona que está calificada no plan xeral como URBO, que é barrio orixinario. Que seguindo desde A Pedreira hai unha zona tamén protexida por Patrimonio, como é o Pazo da Torre do Monte e en fronte dúas edificacións. Que entrando en Extramundi tamén se encontran con outra malla ao longo desta estrada, co cal só na zona da Serra desaparece na marxe dereita.

Sr. Alcalde. Aclara que é en todos os viais que entroncan coa AC-299.


Sr. Rodríguez Carbia. Que o que quere dicir é que todas estas zonas están construídas, cando non vivendas son muros de peche de fincas. Que se está falando dun entramado urbano co cal para nada se pode falar de beneficios. Que o único beneficio é que poden reducirse informes sectoriais, pero hoxe no tema de Patrimonio antes celebrábase unha comisión ao mes e agora xa se celebran dúas, co cal se están acelerando trámites e o mesmo sucede en Política Territorial polo tema das estradas e non hai outro tipo de informes. Di que no expediente hai unha memoria e unha especie de proxecto cunhas valoracións e unha serie de actuacións que se pretenden acometer con eses douscentos e pico de mil euros e o único do que se está falando aí é o de recrecer a capa de asfalto e hai un erro porque non hai 10 anos desde a última actuación sobre o vial, hai moito menos que se actuou sobre el. Que ademais vanse atopar cun problema, porque esa estrada empeza en Fondo de Vila e na avenida de Castelao non se contempla unha actuación que poida solventar os problemas, que están padecendo todos os invernos os veciños desa zona e os transeúntes que veñen ao mercado dominical ou ao casco urbano, de que non hai recollida de pluviais e os adoquíns están en pésimas condicións.

Sr. Alcalde. Dille que non están falando dese tramo.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que xa o sabe, porque o señor alcalde o que está facendo é aceptar unha parte dun tramo, non a totalidade do tramo. Que esa estrada non comenza na Fonte do Carmen senón que comenza en Fondo de Vila e insiste que é a antiga estrada Palavea-Boimorto.

Sr. Alcalde. Di que en todos os informes que ten, comenza despois da ponte do Carmen.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Rodríguez Carbia. Di que á Xunta de Galicia o que lle interesa é quitar o problema e como é malla urbana que o solucione o Concello, pero non é así. Pregúntalle ao señor alcalde se cando coloca o palco nas festas de Pascua ao lado da Igrexa non ten que pedir permiso a Estradas.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille que debería facelo porque está cortando unha estrada. Continúa dicindo que con 25 ou 30 centímetros máis de formigón enriba da ponte do Carmen, o petril daría polo xeonllo.

Sr. Alcalde. Insiste que non vai pola ponte do Carne.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille que se a ponte non está incluída malo.

Sr. Alcalde. Insiste que a ponte non é da AC-299.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que na Trabanca hai beirarrúas dun lado e doutro da estrada, que se entra na Pedreira e hai beirarrúas ata a casa do sastre, a partir de aí hai un tramo sen beirarrúas ata a urbanización de A Pedreira pola marxe esquerda, e debería incluírse un proxecto para enlazar unha beirarrúa con outra pola marxe esquerda da estrada e para nada se contempla no proxecto de Estudio Técnico Gallego.

Sr. Alcalde. Explica que non é un proxecto senón que é unha memoria para un convenio para unha adenda e a redacción do proxecto sería despois de asinar o convenio.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se está falando dunha cuantificación económica dunha serie de obras que se van acometer e para nada se fala do que el está a dicir. Pregunta quen correría logo con eses gastos a maiores. Que o Concello non ten capacidade económica para facelo e tería que facerse antes de aceptar esa cesión. Que en Extramundi pasa exactamente o mesmo, na marxe dereita que vai desde a Cochera ata o cruce da Pereiriña hai beirarrúas pero desde a Cochera ata a de Silleda non e supón un quilómetro e pico e o mesmo sucede dende a curva de enfrente do Centro Social ata a Serra, dunha parte e máis da outra. Que cando unha administración acepta algo doutra tería que cuantificarse economicamente e verse plasmado nun presuposto e para nada se fala deste tema. Que tampouco se fala nada das incorporacións das numerosas vías, empezando polos accesos á Barca que co recrecido da estrada un coche pequeno non podería pasar. Que na Pedreira hai outro acceso, na zona da Peregrina en Extramundi, na zona do Centro Social na pista que vai a Agronovo en Extramundi, na parte esquerda outro acceso ao medio da aldea na zona do Souto e acceso ao medio da aldea enfrente ao bar Rancho. Tampouco se fala nada dos pasos de peóns para garantir a seguridade dos veciños que cruzan dun lado a outro da aldea en Extramundi. Tampouco de solucionar a acumulación de auga na curva fronte o Centro Social e vai casi ata a escola unitaria e todos os invernos parece unha piscina. Que non se fala do cambio de luminarias en todo o traxecto porque se estaría convertindo unha estrada nunha rúa e alongando o casco urbano cara Extramundi. Que tampouco se fala de colocación de paradas de marquesiñas para a parada de bus. Que non sabe o que fixo o señor alcalde, que para nada se fala das deficiencias que están padecendo os veciños e que acaba de enumerar. Que o estudo, a memoria e a aceptación para nada fala disto. Que non tivo a oportunidade de explicarlle isto nunha comisión de coordinación ou nunha xunta de voceiros porque o señor alcalde non a convocou.

Sr. Santaló Ríos. Entende que no punto terceiro o pleno votará unha revocación ao acordado na Xunta de Goberno Local porque o tema estaba anunciado e que pola trascendencia que tiña debía pasar obrigatoriamente polo pleno. Que as explicacións que dá o señor alcalde parécenlle peregrinas e desa forma tamén se podería pedir a cesión da AC-242 ata Herbón e de todas as estradas que pasan polo Concello. Que se poderían solicitar tramos conflictivos e problemáticos como é a estrada ao seu paso por diante do colexio Flavia e na Trabanca, que son tramos moi pequenos como uns 50 metros que vai asumir o Concello de Rois desde o límite de Padrón ata a rotonda. Que entende que isto non é para nada oportuno e fixándose nos datos van ter unhas obras de reparación da estrada que representan o 58,5% do valor da estrada e conclúe que van facerse cun morto tremendo e eses cartos estaría ben que os comprometera para arranxar as numerosas deficiencias das que falou o señor Rodríguez Carbia, pero que isto implica que co paso do tempo o Concello deberá facer e garantir un mantemento polos mesmos cartos e son moitos cartos para o Concello. Que en

relación ao tramo da avenida Castelao, que si está transferido, desde entón non se lle volveu tocar porque levantar o adoquinado supón costes disparatados. Que ademais se incorre en responsabilidades porque no propio informe dise que pasan entre 100 e 200 vehículos pesados ao día, é dicir, que están asumindo unha vía cun altísimo custo de mantemento que non representa, en relación co seu custo, ningún beneficio importante senón que é unha hipoteca moi alta para o Concello e isto se debería de paralizar porque non hai argumentos que xustifiquen deixar esta carga tan importante para o Concello.

Sr. Rodríguez Conde. Di que acaba de dar co quid da cuestión o concelleiro do BNG. Que o señor alcalde argumentou os beneficios e non puxo nada en contra.

Sr. Alcalde. Aclara que é o que lle preguntan no segundo punto da orde do día.

Sr. Rodríguez Conde. Di que senón hai nada en contra non sabe como non se fixo xa en etapas anteriores, pero aquí o que non importa apártase para un lado.

Sr. Alcalde. Lee o segundo punto: "Informe, polo Alcalde, dos beneficios que o cambio de titularidade terá para os veciños e concello de Padrón, segundo o seu criterio". Que el respostou ao preguntado.

Sr. Rodríguez Conde. Di que hai que dicirlle á cidadanía o bo e o malo e o malo acaban de explicalo dous concelleiros.

Sra. Rey Pazos. Di que está dando por feito que estes beneficios son beneficios, aínda que algún o pon en dúbida. Que é verdade que aquí non se solicitaron os contras pero pregunta ao goberno si eles valoraron os contras. Que está totalmente de acordo co señor Santaló en que o mantemento desta estrada vai ser considerable e vai hipotecar o futuro do Concello. Pregunta cales son os contras que ve o goberno.

Sr. Alcalde. Contesta que, segundo conversas mantidas cos técnicos, uns 15.000 euros anuais aproximadamente. Que non ten ese informe por escrito e non consta aí o tema das luminarias ao que se refería o señor Rodríguez Carbia e algún dos outros temas. Que se poden facer un montón cousas, pero que está claro que hai que investir eses 241.416,66 € nesa estrada. Que isos son os beneficios e os contras.

Sra. Rey Pazos. Di que ninguén di que non haxa que investir e de feito xa llo recordaron, pero é certo que cando os grupos veñen aquí con mocións, sobre todo os que son novos, pídenselle os informes económicos e que veñan non só co que din algúns senón por escrito. Cree que ante unha decisión que vai ter esta importancia, ese informe xa debería de estar no expediente, porque é fundamental para valorar se é positivo ou negativo.

Sr. Alcalde. Di que unha cousa é o mantemento e outra as melloras e moitas cousas das que se dixeron hoxe aquí entende que son melloras da vía.

Sra. Rey Pazos. Contesta que por iso ela di que eses 240.000 euros son precisos, pero pregunta canto vai supor ao longo do tempo. Que está máis de acordo coa reflexión do señor Santaló: 240.000 e fai 8 anos que se actuou nesa estrada.

Sr. Forján Seoane. Extránalle a insistencia da Consellería en mandar constantemente o modelo para asinar e preguntalle ao señor alcalde se ten algunha explicación.

Sr. Alcalde. Contesta que el saiba non. Que o modelo o mandaron en varias ocasións pero non estaban comprometidos os 240.000 euros, que ata que non estiveron comprometidos non enviaron o último dos convenios que sería o que se asinaría se o teñen a ben, se ten el competencias, se o decide a oposición, que xa non o sabe.

Sr. Forján Seoane. Di que o que está claro é que se o señor alcalde os tivera reunido, evitaría o estar agora aquí discutindo todo isto.

Sr. Alcalde. Dille que terían a mesma discusión só que en lugar de en pleno, en comisión.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Contesta que non porque as deficiencias que se están apuntando neste momento poderían estar incluídas nesas actuacións e dalle a impresión de que o señor alcalde está de acordo en que hai que incluílas. Pon un exemplo: que estando o señor Villamor fixéronse algunhas aceptacións nuns tramos da N-550, un na Esclavitude e outro en Iria na estrada vella, onde se fixeron unhas actuacións de mellora e agora nen sequera son capaces de sacar a terra que cae sobre as beirarrúas e na de Esclavitude, que ten farolas, luminarias e beirarrúas, estas últimas están cubertas de herbas e de silveiras. Que nalquel momento o que era Alcalde si esixeu esas melloras para aceptar eses tramos, pero desde aquela, que sería sobre o 2001, neses tramos non se fixo ningunha actuación e están tal e como se recibiron. Que nesa estrada AC-299 hai unha serie de deficiencias que habería que corrixir e o señor alcalde non está apuntando, polo que, ante esa insistencia da Consellería, que algún motivo terá ou polo menos o señor Alcalde debería plantexarse que pasa para que haxa tanta insistencia e supón que será coñecedor das causas. Que o señor Alcalde tirouse á piscina sen ter os datos.

Sr. Alcalde. Contesta que a valoración é para saber cal é o órgano de goberno competente, si en vez de catrocentos mil son dous millóns a competencia é do pleno, si son oitocentos mil a competencia é de comisión plenaria e despois Xunta de Goberno Local e si é menos do 10% é competencia de Xunta de Goberno Local. Dille que esa é a valoración para a competencia e despois hai outras valoracións que son as do convenio que non teñen nada que ver con isto. Que os 240.000 euros non afectan á competencia.

Sr. Forján Seoane. Dille que aínda así quererá saber se son 240.000 euros ou 1 millón, independentemente de quen sexa a competencia. Que parece que o único que busca é escaparse para facer as cousas por decreto.

Sr. Alcalde. Volve aclarar que hai dúas valoracións, unha do que é necesario para a capa de rodaxe e outra da titularidade da vía.

Sr. Forján Seoane. Pregunta se a capa de rodaxe, tal e como está hoxe, é necesario repoñela toda.

Sr. Alcalde. Contesta que practicamente si. Engade que nada impide facer unha modificación deses 240.000 euros senón hai que repoñer toda a capa de rodaxe.

Sr. Forján Seoane. Entende que haberá zonas que necesiten e outras non. Pregunta que, en caso de pavimentar, que vai pasar coa rúa Santiago, se vai pasar a estrada por riba das beirarrúas.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que hai que rebaixalo. Que hai unha memoria de valoración e o proxecto é o que entra en detalle.

Sr. Forján Seoane. Pregunta se esas actuacións entran.

Sr. Alcalde. Contesta que pon fresado.

Sr. Forján Seoane. Pregunta si se vai actuar nas beirarrúas, porque unha cousa é a calzada e outra as beirarrúas. Que son dous trámites distintos. Pregunta si se van facer dúas actuacións diferentes.

Sr. Alcalde. Contesta que de conformidade co convenio, non. Que outra cousa e que se poida meter nalgún plan de obras adecentar esas beirarrúas. Que iso pódese facer agora con permiso autonómico ou non facelo.

Sr. Forján Seoane. Di que hai moitas cousas que facer e, antes diso, habería que valorar en que estado nos van deixar a estrada, e a partir de aí que custo de mantemento vai levar.

Sr. Alcalde. Repite que aproximadamente 15.000 euros ao ano prorrateado.

Sr. Forján Seoane. Di que se pavimentou aproximadamente hai oito anos e como mínimo son 15.000 euros sen ningún tipo de mantemento máis.

Sr. Alcalde. Explica que as razóns polas que cree que ten que ser de titularidade municipal e pregunta se o resto dos grupos non queren a titularidade desa estrada.

Sr. Forján Seoane. Plantéxase que, se pasa a titularidade municipal, que beneficios e que costes vai reportar. Que eses 15.000 euros non chegan nin para o repavimentado cada oito anos.

Sr. Alcalde. Contesta que si agora se repavimenta todo, despois de oito anos pódese, como dixo o señor Forján Seoane, arranxar por tramos.

Sr. Piñeiro Otero. Aclara que el dixo que había uns tramos mal, non que había que arranxar por tramos, e cree que o asfaltado non é necesario neste momento. Pregunta si dentro de oito anos o Concello vai ter dispoñibilidade orzamentaria para afrontar esa obra.

Sr. Alcalde. Contesta que ten que tela.

Sr. Forján Seoane. Reitera que no tramo da Esclavitude desde que se entregou non se fixo nada e ten moitos baches.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que nese tramo pasa un coche ao ano.

Sr. Forján Seoane. Di que non se trata do número de coches que pasan, que se trata dos costes de mantemento, e que con eso o señor Pardo Andrade está recoñecendo que mantemento cero.

Sr. Pardo Andrade. Replica que o mesmo mantemento que fixo o anterior grupo de goberno e o que fixo o señor Villamor: cero.

Sr. Forján Seoane. Di que neste caso están falando de varios quilómetros e queren saber que coste de mantemento terá e non o están dando.

Sr. Santaló Ríos. Propón que o Concello acepte a cesión pero que a Consellería se encargue de mantela.

Sr. Alcalde. Resume a proposta: o Concello acepta os 240.000 euros pero a Consellería a sigue mantendo.

**3.- NON FORMALIZAR A ENTREGA DO VIAL, FIRMA DA CORRESPONDENTE ENTREGA, ATA SER APROBADA POLO PLENO.**

Sra. Secretaria. Solicita a palabra ao señor Presidente, quen lla concede, para advertir que este punto, tal cal esta redactado non é posible porque non é competencia plenaria. Que ao non ser competencia plenaria non pode o pleno adoptar acordos que non lle corresponden.

Sr. Santaló Ríos. Entende que é un posicionamento do pleno e o que se pode votar é que o posicionamento do pleno é este.

Sr. Forján Seoane. Di que o que se pide é que non se formalice a entrega ata ser aprobada polo pleno, porque o pleno quere saber cales son eses beneficios pero tamén as contras e as cantidades e ao mellor votan todos a favor.

Sr. Alcalde. Di que xa explicou todo o que hai. Que xa explicou os beneficios e o convenio dos 240.000 euros, pero o que se está falando é se este punto se pode votar ou non como explicaba a señora Secretaria.

Sra. Secretaria. Aclara que se refire a como está redactado. Que é obvio que o concello pleno ou calquera órgano pode solicitar a quen sexa o órgano competente, que neste caso é o alcalde, o que queira. Que unha cousa é solicitalo e outra cousa é un acordo que di "ata que sexa aprobado polo pleno". Entende que, tal e como está redactado, pretende vincular a decisión do órgano competente e esa vinculación non pode existir. Que o pleno se queira posicionar sobre unha cousa ou outra si, que ela se limita a dicir tal e como está redactado o punto.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que eles o que queren é que non se acepte a cesión, ata que se senten e intenten chegar a un acordo e se é por consenso mellor para todos.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Di que o que se pode facer é votalo como unha declaración de intencións.

Sra. Rey Pazos. Di que senón se pode votar, solicitan que conste en acta a opinión dos grupos políticos.

Sr. Alcalde. Pregunta se o votan ou non á señora Secretaria.

Sra. Secretaria. Insiste que sometelo a votación é unha decisión do propio pleno, máis ben do presidente, decidir si se somete a votación ou non. Que ela soamente advirte da ilegalidade do acordo tal cal está redactado. Que poden facer constar en acta que interpretan que o acordo é así ou doutra maneira ou o que queiran, pero asumen a responsabilidade do que votan.

Sr. Forján Seoane. Pregunta que, acorden o que acorden aquí, o señor alcalde pode tomar a decisión que lle dé a gaña.

Sra. Secretaria. Contesta que si.

Sr. Alcalde. Di que algunha competencia terá. Que si os grupos piden un pleno e queren votar, votan. Aclara que non é unha decisión súa, que é do Alcalde e da Xunta de Goberno Local que esté cando se tome a decisión.

Sr. Forján Seoane. Di que a decisión xa está tomada.

Sr. Alcalde. Pídelle ao señor Forján Seoane que non fale por el.

Sr. Forján Seoane. Replica que a decisión está tomada en Xunta de Goberno Local.

Sr. Santaló Ríos. Entende que igual que se toma unha decisión pódese tomar outra.

Sra. Rey Pazos. Entende que non ten sentido votar algo cando se sabe o que hai. Que é mellor facer constar que se pide que se teña en consideración a opinión dos grupos e que se reúna con eles para poder chegar a un consenso.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregúntalle ao señor alcalde se neste momento está en condicións de dicir se vai asinar ese convenio de cesión.

Sr. Alcalde. Contesta que non está en condicións, que o meditará despois de saír do pleno e de ter escoitado a todos os grupos da oposición. Que él non foi o que pediu a toma dun acordo que non cumpre a legalidade. Insiste que se queren o votan.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que é máis ilegal que o Alcalde tome un acordo porque lle están decindo que o tome.

Sr. Alcalde. Contesta que o señor Rodríguez Carbia está equivocado.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que isto vai traer cola porque o seu grupo non está pola labor de que un goberno municipal se pregue a determinados intereses.

Sr. Alcalde. Pregunta se este pleno non é para que queden e falar. Pregunta se queren votar.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretario

Alcalde Presidente  
Asno Antonio Fernández Angueira

A Secretaria  
Asno Ana María Ares Álvarez